

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 28 DE MAIO DE 2018

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e oito de maio de dous mil dezaoto, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas e trinta minutos, dando comezo ás vinte horas e trinta e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna.Gloria M^a Prada Rodriguez, D.Iban Torres Rodríguez, Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle, D.José Luis Losada Fernández, Dna.Marina M^a Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: D.Emilio José Sánchez Iglesias.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M^a Purificacion Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Non adscritas/o: Dna. M^a Pilar López Martínez, Dna. M^a José Vega Buján, D.Víctor López Mateo.

Interventora acctal.: Dna. María I. Buján Arias.

Secretario: D. José M^a Baños Campo, que dá fe do acto.

Non asiste Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau (non adscrita).

O Sr.Alcalde abre a sesión, refírese á entrega que se fai do libro sobre o Garda Civil D. Germán Macía e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

1. ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 30 DE ABRIL DE 2018.

Non hai ningunha observación respecto ao texto do borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 30 de abril de 2018.

2. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 25.04.2018 a 22.05.2018.

O Sr.Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 25 de abril de 2018 e o 22 de maio de 2018.



PARTE RESOLUTIVA

3. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 24/2018: CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS PARA INVERSIONES FINANCIERAMENTE SOSTIBLES.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“De conformidade co disposto no artigo 32 e na Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira as EELL poderán destinar o superávit do exercicio anterior:

Regras especiais para o destino do superávit orzamentario.

1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás Corporacións Locais nas que concorran estas dúas circunstancias:

a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.

b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesouraría positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.

2. No ano 2014, aos efectos da aplicación do artigo 32, relativo ó destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:

a) As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesouraría para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamentos, ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.

b) No caso de que, atendidas as obrigacións citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantivécese con signo positivo e a Corporación Local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no devandito exercicio 2014.

c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a Corporación Local tivese un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ó longo da vida útil do investimento esta sexa financieramente sustentable. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financieramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ó crecemento económico a longo prazo.

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 26/06/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 26/06/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/06/2018 14:58:56

DOCUMENTO: 20180178445

Fecha: 26/06/2018

Hora: 14:58



Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.

3. Excepcionalmente, as Corporacións Locais que no exercicio 2013 cumpran co previsto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesouraría para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme ás regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.

4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.

5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo.»

No exercicio 2018, á data de elaboración deste informe non está aprobado o Orzamento Xeral do Estado, pero vén de publicarse o seguinte:

Real Decreto-Lei 1/2018, de 23 de marzo, polo que se prorroga para 2018 o destino do superávit das corporacións locais para investimento financeiramente sostibles e se modifica o ámbito obxectivo destas.

Artigo 1. Destino do superávit das entidades locais correspondentes a 2017.

En relación co destino do superávit orzamentario das Corporacións Locais correspondentes ó ano 2017, esténdese para 2018 a aplicación das normas contidas na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, para o que se terá en conta a disposición adicional décimosexta do texto refundido da Lei que reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Tendo en conta que de acordo co informe de Intervención se cumpren os requisitos recollidos na DA Sexta da LOEPSF no seu punto primeiro: A liquidación consolidada do exercicio 2017 cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación dacordo coa definición contida no SEC95, cumpre co límite de endebedamento, e o límite da regra de gasto do orzamento da propia entidade e do seu organismo autónomo. Ademais cumpre co PMP a 31/12/2017 e no primeiro trimestre de 2018.

O superávit do exercicio, tras realizar os correspondentes axustes ascende a 2.194.188,03 €. Polo tanto a capacidade de financiamento do concello segundo o sistema europeo de contas é de 2.194.188,03 €. Así mesmo o superávit intégrase no remanente de tesourería para gastos xerais que ó remate do exercicio 2017 ascendeu a 7.399.832,53 €.

Visto o anterior, o Pleno, por sete votos a favor (Grupos Socialista e de Esperta Monforte) e nove abstencións (Grupos do BNG e do PP e concelleiras/o non adscritas/o) adopta o seguinte



ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 24/2018 por importe de 729.012,47 € € na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo ó remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio 2017, en cumprimento da Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, co seguinte detalle:

APLICACIÓN GASTOS	DESCRICIÓN	IMPORTE A FINANCIAR
454.619.03	Camiños veciñais. Outros Investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ó uso xeral	729.012,47

CONCEPTO DE INGRESOS	DENOMINACIÓN	TOTAL
870.00	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	729.012,47

SEGUNDO. Aprobar a aplicación do remanente de tesourería para gastos xerais por un importe de 729.012,47 € á finalidade de INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES nos termos que estable e o apartado 2.c) da D.A. Sexta da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, co seguinte detalle:

APLICACIÓN GASTOS	DENOMINACIÓN OBRA	IMPORTE
454.619.03	MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS EN BASCÓS, CANEDA, A PENELA E SANTA MARIÑA	47.956,57
	MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS EN A VIDE, SAN JUAN DE TOR E SEOANE	48.287,42
	MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS EN VILLAMARÍN	31.472,16
	MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS EN BAAMORTO, CHAO DE FABEIRO, DISTRIZ, FIOLEDA, GULLADE, MARCELLE, MOREDA, A PARTE, PIÑEIRA, REIGADA, RIBASALTAS, ROZAVALES, SAN JULIÁN DE TOR, SINDRÁN E MONFORTE	601.296,32
TOTAL		729.012,47

TERCEIRO. Expor este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que no Pleno pasado viuse o informe de Intervención xustificando o Remanente e o superávit, que se seguen tendo. É correcto que se invistan os remanentes. Algunhas preguntas do Pleno anterior, no que non se nos dixo nada, de que ía facer cos cartos sobrantes, están contestadas agora con memorias para obras en 23



parroquias, para botar asfalto ou grava. Poderíase ter gastado doutra maneira. Non nos imos opoñer, pero tal vez non teríamos nós investido todos estes cartos nisto. O sentido do voto, na seguinte intervención.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que demostra este equipo de goberno amor polo asfalto. Teríamos agradecido que nos tivese convidado a opinar en que investir este remanente. Non o fíxo. Non nos imos opoñer, pero na vida hai outras cousas que repartir cemento ou alcatrán.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que a deriva de botar asfalto nas rúas da cidade, é lóxico que tamén chegue ao medio rural. Está ben, pero botamos de menos no que atinxe a estradas e rúas, actuacións que non sexan simples lavados de cara. Dá datos do superávit e do que levamos gastado en débeda, IPC dun contrato e camiños. Quedan 469.000 euros. Hai vida máis aló: non todo pode ser asfalto e festas. Conscientes de que contentará aos veciños con estas actuacións, tmapouco compartimos o uso do remanente absolutamente nisto. Non vemos impulso e melloría, xa levamos tres anos de mandato. Anunciamos a nosa abstención.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que pode concordar con cousas que aquí se verteron. Unha das cousas que me move a estar aquí é o medio rural. Non nos imos opoñer a melloras nos camiños rurais. Si botamos en falta unha especie de catálogo con prioridades de intervención. Trouxemos un rogo sobre a estrada das Nocedas e non a vemos aquí. Que se fagan os arranxos en función de necesidades e prioridades.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que agradece a posición do voto, a favor ou abstención. O que se inviste é a cantidade permitida para non alterar a estabilidade económica do Concello. Posiblemente en setembro, sabendo xa como van os ingresos, poderemos saber se podemos investir o resto. Se agora se inviste no rural, farase despois noutras cousas, loxicamente, pero é un atrevemento concretalo xa. Está ben as opinión sobre mellores investimentos, pero pensamos no rural; fóra de asfaltar, dígase concretamente e non en xeral. Dna. Julia Rodríguez fala de lavado de cara, non sei entón o doutras administración. Os camiños están postos na documentación remitida. Con isto, dásele un pulo importante ás parroquias.

De Dna. Pilar López Martínez, que desculpa a ausencia de Dna. Alicia Cadarso por motivos persoais. Imos absternos, é decisión do equipo de goberno; non coincide coa nosa postura, pero é lexítimo. Pediríalle que tras asfaltar, que o camiño quede ben. Que se actúe con cabeza, visto o exemplo da rúa Cobas, xa debatida. Só faltaría que investise máis do que a lei permite, espero que non nos sorprenda sobre iso.

De Dna. Maribel García Díaz, que se refire a que o Alcalde di que non concretamos. No Pleno anterior pedímoslle que nos convocase, non foi receptivo para contar con nós.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di ao Alcalde que faga ben as cousas. Véxase a rúa Cobas, a rúa Conde, a rúa Zapardiel ou a rúa Aceña Nova; por pouco máis, e ten recursos, podía facer algo máis. O mesmo nas parroquias, fágao ben. Non sei de que outras administracións fala, pero poño o



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 26/06/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 26/06/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/06/2018 14:58:56

DOCUMENTO: 20180178445

Fecha: 26/06/2018

Hora: 14:58



exemplo das rotondas, que non é o caso. Despois do lavado de cara, outra vez fochancas, mal así. Temos falado doutras cousas como o saneamento de Calvos, non todo son camiños.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que se teña en conta o máis urgente.

Do Sr.Alcalde, que di que el non fixo os proxectos e hai un director de obra. Con cabeza: así é como tratamos de facelo. As silvas empezan a cortarse a partir de xuño, farase como tódolos anos. Dille a Dna. Maribel García que si se teñen tido en conta peticións, non ao 100%, pero si se teñen en conta.

4. PROPOSTA DE CREACIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e cun engadido tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Limiar.

A Lei xeral de sanidade (Lei 14/1986, de 25 de abril) e Lei 1/2018, de 2 de abril, pola que se modifica a Lei 8/2008, de 10 de julio, de Saúde de Galicia regulamentan a creación, composición e funcións dos Consellos de Saúde en dous ámbitos: o da Comunidade Autónoma e o da Área de Saúde. Ademais, no artigo 53.3 da primeira das leis citadas, afirmase que en ámbitos territoriais diferentes aos referidos no apartado anterior (refírese ao apartado 53.2, no que se alude á comunidade autónoma e á Área de Saúde), a comunidade autónoma deberá garantir unha efectiva participación.

A Lei 1/2018, de 2 de abril, pola que se modifica a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, regula a participación social neste ámbito no Capítulo VI.

En consecuencia, a lexislación supramunicipal deixa aberta a posibilidade de que se poidan crear, no ámbito territorial dos Concellos, os Consellos Municipais de Saúde.

Por todo o antedito, a proposta da Concellaría de Sanidade, o Pleno da Corporación Municipal de Monforte de Lemos, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

A creación do Consello Municipal de Saúde, que se rexerá segundo os principios e normas incluídos no seguinte Regulamento:

REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE

Artigo 1.-O Consello Municipal de Saúde é un órgano colexiado de participación comunitaria para a consulta e seguimento da xestión sanitaria no ámbito municipal.

Artigo 2.-

1.- O Consello Municipal de Saúde estará constituído polos seguintes membros:

Presidente:

Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 28.05.2018

Páxina 6 de 36



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002B90D00A0W2S9E4T7B3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 26/06/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 26/06/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/06/2018 14:58:56

DOCUMENTO: 20180178445

Fecha: 26/06/2018

Hora: 14:58



- O Alcalde ou membro da corporación no que delegue.

Vicepresidente executivo:

- O Concelleiro Delegado de Sanidade.

Vocais:

- Un representante de cada un dos grupos municipais integrantes da Corporación
- Un representante da administración sanitaria do Centro de Saúde e o Hospital Comarcal
- Un representante designado pola Xunta de Persoal da Área Sanitaria
- Un representante do Colexio de Médicos da provincia de Lugo
- Un representante do Colexio de Diplomados en Enfermería da provincia de Lugo
- Un representante do Colexio de Veterinarios da provincia de Lugo.
- Un representante do Colexio de Farmacéuticos da provincia de Lugo.
- Dous representantes das asociacións de defensa e de usuarios da Sanidade pública
- Dous representantes dos pedáneos elixidos entre eles
- Dous representantes das asociacións veciñais da cidade

Secretario:

- Será o do concello ou funcionario municipal no que delegue.

Se algunha administración, Colexio profesional ou Entidade non designara representante, o Consello constituírase cos representantes designados, conformando estes o 100% do Consello.

2.-O presidente terá as seguintes funcións:

- Ostentar a representación do Consello que preside.
- Convocar as sesións, presidilas e moderar o desenvolvemento do debate.
- Formular a orde do día das reunións.
- Ordenar a publicación dos acordos, no seu caso, e dispor o seu cumprimento.

3.-A vicepresidencia 2.^a recaerá necesariamente nun representante cidadán.

4.-O voto dos membros do pleno será persoal e non delegable; recoñecéndose o dereito dos discrepantes a formular votos particulares.

5.-As reunións do Consello poderán asistir en calidade de asesores aqueles especialistas, expertos, membros de asociacións profesionais, de asociacións de afectados, que a presidencia estime oportuno ou a proposta da maioría dos membros do Consello, que participarán con voz pero sen voto.

Artigo 3.- Os membros do Consello Municipal de Saúde serán designados polo Pleno do Concello, por maioría simple.

Artigo 4.

- O Consello Municipal de Saúde reunirse, ordinariamente, unha vez por ano e, con carácter extraordinario, por convocatoria do seu presidente ou cando así o solicite a metade máis un dos seus membros.

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 26/06/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 26/06/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/06/2018 14:58:56



2. Para a válida constitución do Consello requírese, en primeira convocatoria, a presenza da metade máis un dos seus membros. En segunda convocatoria poderá constituírse, media hora máis tarde, coa presenza de alomenos un tercio dos seus membros.
3. Os acordos adoptaranse por maioría simple.
4. De cada reunión que se celebre levantarase un acta.
5. O Consello Municipal de Saúde poderá formar no seu seo algunha comisión de estudo que considere conveniente, diante dunha problemática que afecte á Sanidade pública.

Artigo 5.-Unha vez constituído o Consello Municipal de Saúde, poderá dotarse dun regulamento interno de funcionamento que deberá ser ratificado polo Pleno da Corporación.

Artigo 6.-Son funcións do Consello Municipal de Saúde:

- a) Estudar a situación sanitaria e os seus problemas no ámbito do concello.
- b) Emitir informes, por iniciativa propia ou dos órganos de goberno municipal, sobre materias da súa competencia.
- c) Elevar propostas e informes aos órganos de dirección e de representación da Área de Saúde e ao Servicio Galego da Saúde.
- d) Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ao Concello, para seren debatidas nas comisións informativas municipais correspondentes, e darlles traslado as Administracións competentes.
- e) Promover a participación comunitaria en temas de saúde.

Disposición final.

De conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local o presente regulamento entrará en vigor logo de publicado integramente o seu texto e de transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 do mesmo texto legal.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

(Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, non intervén).

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que o seu Grupo foi o que trouxo isto. Agradecer que estea sobre a mesa. Que se dea celeridade a poñelo en funcionamento.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que van votar a favor. O seu Grupo trae unha proposta de engadir entre os vogais a dous representantes das asociacións veciñais da cidade.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que o número de integrantes do Consello, que sexa impar no posible.

De Dna. Pilar Espinosa Novelle, portavoz suplente do Grupo Socialista, que di que traen –antes de finalizar a primavera, como xa dixeron- unha proposta para unha iniciativa inicial de Esperta Monforte.

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 26/06/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 26/06/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/06/2018 14:58:56



Non son moitos os municipios que teñen un Consello de Saúde, e menos son nos que funcione. Sobre o engadido que propón o PP, se os demais están de acordo, nós non temos problema.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que son 17 vogais, 19 co engadido, impar como dicía o BNG. A favor da proposta e da engádega.

De Dna. Maribel García Díaz, que está de acordo co engadido. No caso dos pedáneos, a eleccións será entre eles, non sei para a as asociacións, pero a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que agradece a aceptación da engádega. As propias asociacións dirán.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias non intervén).

De Dna. Pilar Espinosa Novelle, que agradece o apoio dos grupos. Aceptamos a engádega.

Do Sr. Alcalde, que di que o normal será elixir entre as asociacións rexistradas no Concello.

5. REQUIRIMENTO Á EMPRESA AQUALIA DE INVESTIMENTOS PREVISTOS NO CONTRATO E NA OFERTA DA EMPRESA PARA A CONCESIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos (xa houbera tamén ditame para o Pleno de abril, no que quedou este asunto sobre a mesa), cunha proposta que ten o seguinte contido na súa parte dispositiva:

“PRIMEIRO.- Requirir á empresa FCC AQUALIA, S.A., concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento o importe pendente de executar das obrigas de investimento contractuais, resultantes do contrato e da oferta para ser executadas nos anos 2001 a 2003, máis o xuro legal do diñeiro que resulta de aplicación, polo que a cantidade que se reclama ascende a:

- Investimento pendente..... 2.221.980,43 €
- Total de xuros por demora.....1.362.923,82 €
- SUMA TOTAL....3.584.904,25 €

SEGUNDO.- Para a execución concreta de investimentos pola cantidade reclamada, especialmente no que poida modificar o expresamente previsto no contrato e na oferta e que dá lugar a este acordo, é competente o Pleno municipal, como órgano de contratación, e a iso debe aterse a empresa.”

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por seis votos a favor (Grupo Socialista), nove votos en contra (Grupos do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), e unha abstención (Grupo do BNG), adopta o seguinte

ACORDO



Non aprobar esta proposta de requirimento á empresa Aqualia de investimentos previstos no contrato e na oferta da empresa para a concesión do servizo de abastecemento de auga e saneamento.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que é o mesmo do Pleno anterior, quedou sobre a mesa e non se engadiu nada. O 26 de xulo de 2016 tróuxose un acordo “mellor que un bo preito”, que foi rexeitado. Volveu en novembro de 2016, con máis informes da universidade que tiveron un custo de sete mil euros; a oposición dixo que non. Menos mal que lle dixemos que non, porque o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou unha sentenza favorable, cero euros para Aqualia; e por gañar ese recurso, a empresa desistiu do segundo contencioso. Agora reclámase por investimentos de 2001 a 2003, máis os xuros, un total de tres millóns e medio de euros. Temos así un cachiño do contrato. Nós seguimos reclamando todo o demais. Temos claro que o Alcalde pídenos un novo acto de fe. Confianza non lle temos ningunha: a ordenanza do mercadiño, a RPT, o incumprimento de acordos plenarios, a reclamación da rúa Corredoira. Quería un fantástico acordo que favorecía á empresa. Por que se empeña nun cachiño do contrato?

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que vai obviar a historia e o percorrido. Dá a sensación de que non estamos sendo serios. É necesario falar de todo o conxunto do contrato. Por que estas particións? Por que non unha solución conxunta?

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que tampouco vai facer o relatorio, xa o fixo a non adscrita. Levamos moitos anos con despropósitos. Tiñamos algunhas expectativas co actual equipo de goberno, despois daquela Comisión de investigación. Tivemos unha proposta hai ano e medio compensatoria. Advertimos que aquel acordo era malo. Esta proposta é diametralmente oposta, agora tres millóns e medio de euros en lugar dun millón setecentos. Levamos anos pedindo que se auditen os incumprimentos da concesionaria: horarios de apertura, localización de fugas, e outros, non conseguimos que iso se cuantifique. Estásenos propoñendo unha modificación do contrato, porque as melloras foron determinantes, melloras de facer cousas. Muda a forma da obriga de facer a unha forma dineraria. Tiña que ir a unha esixencia de cumprir, e se non, resolución do contrato. Isto é unha cuestión que non compartimos segundo vén formulada.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que durante o tempo do Pleno de hoxe, varias cousas hai deste contrato. Segundo o PP, cunha reclamación económica, renunciámos ás infraestruturas. No parque acuático, hai que ver o que non se beneficiou a cidade. De acordo con reclamar que a empresa cumpra o seu contrato. Cómpre unha Xunta de Portavoces, onde se estuden tódalas deficiencias.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que é un tema suficientemente debatido. Quen o deixou sobre a mesa non fixo aportacións; nós traemos o mesmo, para nós está ben así. Dille a Dna. Pilar López que aquí non hai contas de 2001 a 2003, son obrigas á firma do contrato, cumpridas só nunha pequena parte. Aquí vén iso, non a vida do contrato. Sobre o tema da confianza, pode ser recíproco. Non lle aceptei á empresa unha soa obra, en mandatos anteriores si se fixo, sen vir ao Pleno. Outras cousas que di nada teñen que ver coa firma do contrato en 2001. A RPT díxose que



viña en marzo de 2015, eu abstíñame, e non veu, non sei por que. O da rúa Corredoira segue o seu curso. Non se pode mesturar todo, non é mesturable. Estamos nuns dereitos que naceron coa firma do contrato. Dille a Dna. Maribel García sobre que queira colgarse medallas, por que non o fixeron nos 15 anos anteriores? Iso o que lles preocupa, non o de Aqualia. Se o aprobásemos, xa diría o xuíz do contencioso. Polo menos intentámolo, en 17 anos só veu dúas veces, e foi neste mandato. Dille a Dna. Julia Rodríguez que que valente é co da modificación do contrato e que se fagan as obras daquel momento. O Pleno diría a que obras se destina. Nós intentamos arranxalo. Están os que non o fixeron en dous anos tralo contrato e nos anos posteriores, coa oferta perdida. As propostas veñen informadas. Sexa máis respectuosa, chamoulle chapuza ao expediente. É o 2º intento que fago, agora separando os expedientes. Non vale estes tres millóns e medio de euros do inicio do contrato e o demais xa se verá? Non ten máis explicación que a de que non queiran que arranxe o problema.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que sabe o que é unha mellora. Seguimos cun cachiño do contrato. Sobre a RPT, comentoume a miña compañeira que levaba o tema que foron os traballadores os que pediron que quedase para o seguinte mandato. Sobre os informes da universidade, se temos intención de facer contas, non pode vir coas que se rexeitaron no Pleno. O anterior equipo de goberno non intentou un acordo que favorecía á empresa. Que acordo ten desta volta coa empresa e que medo ten das contas reais?

De Dna. Maribel García Díaz, que di que o da medalla é simbólico. Se a oposición tivésemos votado a favor, non teríamos ganado o da sentenza. Este baile de cifras fai pensar que hai pouca claridade e pouca seriedade. Quero medallas para vostede se son para beneficio dos veciños de Monforte, pero non sei o que se está votando aquí.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que o de quedar sobre a mesa foi porque non viamos o encaixe disto. As obrigas nacen todas do contrato. As demais non están cuantificadas, porque vostede se opuxo. Non recoñeceu investimentos? Recoñecía no acordo aquel o que viña de atrás. Vostede foi Tenente de Alcalde en 2003, ningún requirimento, nin en anos sucesivos. Isto é modificación do contrato, o contrato ou se esixe que se cumpra ou se resolve. Pode haber unha demanda de lesividade, non queremos ser responsables.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias renuncia á segunda quenda).

Do Sr. Alcalde, que lle di a Dna. Pilar López que non ten nada que aclarar. Pidan toda a documentación que queiran, hai toda a transparencia. Estamos intentándoo, non teño maioría, o que diga o Pleno. Teño que ser eu agora o campión das contas que vostedes non deron conseguido. Vostedes recoñeceron obras de xeito indebido. Xa sei o seu voto e á pregunta que me fixo, acordo ningún, non me ofende con iso, será que ten mala conciencia. Dille a Dna. Maribel García que cando se formulou o acordo, era unha proposta anterior á sentenza, a empresa pasouse de lista e non aportou a oferta. Non mesturemos as cousas.

6. RECLAMACIÓN DA EMPRESA AQUALIA POLA NON ACTUALIZACIÓN DAS TARIFAS DOS SERVIZOS DOS QUE É CONCESIONARIA.

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 26/06/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 26/06/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/06/2018 14:58:56



(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. Iban Torres Rodríguez, Dna. Marina Douton Rajo, Dna. Gloria Prada Rodríguez e Dna. Pilar Espinosa Novelle).

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Visto o informe de Secretaría do 18/05/2018 en relación con este asunto, e cos argumentos que nel constan,

(O informe de Secretaría ten o seguinte contido:

“1º.- ANTECEDENTES.

A empresa FCC Aqualia, concesionaria dos servizos municipais de abastecemento de auga e saneamento, presentou un escrito con data do 12/12/2017, no que reclamaba:

- A cantidade de 1.713.222,33 € pola non actualización de tarifas dende o inicio do contrato ata o ano 2016.
- A cantidade de 178.545,09 € pola non actualización de tarifas para o ano 2017.
- Un incremento de tarifas para o exercicio 2018.

Respecto á terceira das peticións indicadas, foi adoptado acordo polo Pleno municipal, en sesión do 18 de decembro de 2017, para a aprobación definitiva do expediente de modificación de ordenanzas fiscais para o exercicio de 2018, nos seguintes termos para o que aquí interesa:

“No certificado emitido polo Secretario do Concello, tralo período de exposición pública do acordo do Pleno municipal do 23/10/2017 relativo á Modificación de Ordenanzas Fiscais para o exercicio de 2018, figura que se presentaron no rexistro do Concello os seguintes escritos:

(...)

*2º. Da empresa Aqualia.- Reclamación de cantidades por non terse actualizado as tarifas dos servizos dos que é concesionaria; no parágrafo terceiro do que se solicita, figura un **incremento das tarifas para 2018 superior ao aprobado polo Pleno no expediente de modificación de ordenanzas fiscais para 2018.***

O informe ao respecto da Intervención municipal, di o seguinte:

“(...) Respecto ao incremento de tarifas para 2018 reclamado por Aqualia, tanto o incremento aprobado para a taxa por abastecemento de auga como para a taxa de saneamento e depuración, foi acorde cun IPC do 1,6 % homoxéneo para o conxunto de incrementos aplicados no expediente de modificación de ordenanzas para 2018.”

(...)



Considerando no que respecta ao escrito da Empresa Aqualia, que ten que ver con cumprimentos contractuais do Concello; de feito, tráese a este expediente como un separativo do que reclama a empresa, e ela mesma inclúe con carácter subsidiario unha compensación retributiva; isto, e o que vén de anos anteriores será obxecto do estudo, informes e decisión que proceda, pero de forma inmediata non debe o Concello condicionar esa decisión e procede manter o IPC xeral aplicado no expediente de modificación de ordenanzas fiscais para 2018 tamén para as tarifas das taxas de abastecemento de auga e de saneamento e depuración.

En consecuencia, o Pleno municipal por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar no que afecta ao expediente de modificación de ordenanzas fiscais para 2018, o que figura en escritos presentados (...) e pola empresa Aqualia durante o prazo de exposición pública do acordo de aprobación provisional do expediente.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente as modificacións das Ordenanzas Fiscais para 2018, nos termos do acordo provisional aprobado polo Pleno o 23 de outubro de 2017.

TERCEIRO.- Os acordos definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o primeiro de xaneiro de 2018 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.”

Para a hipótese dunha compensación para o ano 2018, que se pon como subsidiaria pola empresa de non atenderse o incremento de tarifas que solicitou, parece lóxico que haberá que contar con datos do exercicio, unha vez pechado este.

Así pois, o que se vai analizar aquí é a reclamación para o tempo que vai dende o inicio do contrato ata o ano 2017 inclusive.

2º.- ANÁLISE DA RECLAMACIÓN.-

En primeiro lugar, é certo que conxugando o contrato asinado o 7 de xuño de 2001 coa oferta da empresa, estaba prevista a partir do 3º ano da concesión unha revisión das tarifas dos servizos acorde co 100% do IPC, tomando como referencia o IPC interanual de nullo a nullo.

Para o período que vai dende que se preveu que comezase a revisión ata o ano 2005, hai unha sentenza do contencioso-administrativo – a número 349/2017 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia- que nun procedemento, por demanda da empresa, relativo ao equilibrio da concesión, inclúe na desestimación da demanda a revisión que é obxecto deste expediente. Como a revisión non está no contrato, senón na oferta por remisión daquel a esta, que a oferta non fose aportada pola empresa ao preito –o Concello tñíaa “extraviada”- pode ser a razón do que nela se di, o que non quita para que a sentenza diga o que di, e polo tanto, non proceda considerar o *petitum* actual máis que a partir de 2005.



Dende esa data, o primeiro escrito que se atopa cunha petición relativa ás tarifas –aínda que non coa claridade doutros posteriores, pero non deixa de figurar nel- é de 17 de outubro de 2012. Tendo en conta o prazo de prescrición das obrigas da Facenda Pública, que é de catro anos (artigo 25 da Lei 47/2003, Xeral Orzamentaria), así como o cálculo do IPC a aplicar empezaría no ano 2006, segundo antes se viu, un recoñecemento de obrigas económicas para coa empresa, deberíase computar dende o ano 2009. Hai que dicir que dende 2012, tense interrompido ese prazo de prescrición con escritos ou reclamacións posteriores.

A empresa, para os seus cálculos, inclúe outros ingresos que non dependen das tarifas a revisar, polo que deben quedar fóra deste expediente.

Fai referencia a empresa ao que se negociou con ela, que non foi aprobado polo Pleno municipal. Como se di noutro expediente no que a empresa fai unha referencia parecida, “*dito acordo de non aprobación da compensación que se propuña incluíu non aprobar o recoñecemento de obrigas e dereitos de ambas partes, Concello e Aqualia, e é un acordo firme e consentido. A empresa ten actuado de forma autónoma en defensa dos seus dereitos sen sentirse vinculada polo que figuraba naquel expediente e o Concello está facendo o propio.*”

A empresa solicita que as cantidades que reclama se incrementen cos xuros de mora correspondentes. O artigo 26 da Lei Xeral Orzamentaria prevé ditos xuros para unha obriga recoñecida. Calquera recoñecemento de obrigas económicas require existencia de crédito orzamentario; como por outra banda, o prazo para resolver sobre o reclamado xa está vencido e non parece razoable demorar máis unha resposta, cabería desestimar a reclamación tal como está formulada e comunicarlle á empresa cal é a posición municipal en canto a contía que procedería recoñecer.

3º.- CONCLUSIÓN.-

Facendo os cálculos pertinentes segundo o que queda exposto -o que se reflicte nas follas de cálculo elaboradas na Intervención municipal, que figuran como anexo a este informe-, **resulta unha cantidade a favor da empresa de 477.971,55 €**. No cálculo do IPC a aplicar, teñense en conta os incrementos das tarifas que si se aprobaron en 2010, 2011 e 2012.

A Corporación municipal decidirá o máis conveniente para os intereses municipais.”)

O Pleno municipal, por seis votos a favor (Grupo Socialista), e dez abstencións (Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), adopta o seguinte

ACORDO

Denegar nos termos e para as contías que foi formulada, a reclamación presentada pola empresa FCC Aqualia pola non actualización de tarifas dos servizos dos que é concesionaria durante o tempo do contrato ata o ano 2017 incluído, e comunicarlle á empresa que a posición municipal nese asunto cuantifica como cantidade que procedería recoñecer por ese concepto a de 477.971,00 €.”

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 26/06/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 26/06/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/06/2018 14:58:56



No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que se as contas fosen ben feitas de todo o contrato, terían o seu apoio. No Pleno de febreiro, votouse algo que despois informou o Secretario que non se podía. Hai algún informe de Secretaría contra aquelas obras que recoñecemos? O Secretario explicouno na Comisión Informativa, hai un escrito de Aqualia de decembro por isto, algo que se compensaba naquel fantástico acordo. Ata 2006 temos a sentenza. E hai que descontar o prescrito. Cabe desestimar, debe dividirse o acordo en dous: rexeitar e recoñecer 477.000 euros. Hai que separalo porque estamos de acordo co primeiro pero non vemos tan claro o segundo.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que claro que era unha proposta, o beneficio foi grazas a que o Pleno non a aprobou. Renunciábase aos contenciosos en marcha. Non sei se vai aceptar o que acaba de propoñer a non adscrita.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que antes era reclamación do Concello a Aqualia, agora é de Aqualia ao Concello. Do que nós fagamos, dependen moitas cousas no futuro. Faga o requirimento advertindo da resolución do contrato. Non é a primeira vez que desestimamos isto, por que temos que recoñecer unha cantidade? O acordo do punto anterior, primeiro foi tomado en Xunta de Goberno. Todo é moi raro.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que somos parte no contrato. Débese facer todo con fundamento. O artigo do prego de condicións en castelán di que o IPC é segundo a oferta. O Concello ten requirido contas, como podemos cuantificar o equilibrio se non temos as contas? Imos apoiar a denegación segundo o informe.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que lle di a Dna. Pilar López que a proposta que vén a este Pleno é máis conveniente como vén de cara a un contencioso posible da empresa. Dille a Dna. Maribel García que era a empresa a que renunciaba aos contenciosos. Dille a Dna. Julia Rodríguez que non estamos recoñecendo nada, “procedería” é condicional. Xa no outro Pleno explicáronlle que o acordo da Xunta de Goberno era unha audiencia á empresa, do artigo 82 da Lei 39/2015. Foille explicado na Comisión Informativa. Le o artigo 82.1 da Lei 39/2015. Isto vai fóra de prazo, pensamos que é a mellor maneira de contestarlle á empresa.

De Dna. Pilar López Martínez, que di entender que non se separan os dous puntos. Temos intención dun voto distinto. Acláreo. Dille a D. Emilio José Sánchez sobre que a empresa non dá as contas, que non sabe se o Alcalde as ten pedido. Dille ao Alcalde que o Concello defendeuse daquela contra o contencioso. Aclárenos o do voto.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que no escrito da empresa hai referencia ao acordado no seu día. Acláreo.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di ao Alcalde que respecte a súa profesionalidade. Eu sei o que di o artigo 82. Non pasan tódalas propostas pola Xunta de Goberno. Como o de que era un



terceiro, dixósenos sobre Aqualia e as obras. Créanos desconfianza: isto, o do polígono do Reboredo. Isto que é? Teño a responsabilidade de evitar a implicación dos meus concelleiros.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias renuncia á segunda quenda).

Do Sr.Alcalde, que di que separar os puntos, non. Vai o conxunto con vistas a un posible contencioso. O dun mal acordo mellor que un bo preito, é un dito popular. Cando veu a proposta, non había sentenza. Na páxina 2 do informe fálase do anterior, pero non se aplica agora. Dille a Dna. Julia Rodríguez que se se sente ofendida, que llo diga e pídelle desculpas.

7. MODIFICACIÓN DO ARTIGO 47 DO PREGO DE CONDICIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos.

Tralas intervencións regulamentarias, non hai lugar a votar sobre o fondo do asunto, xa que por aplicación do artigo 92.1 do ROF, O PLENO MUNICIPAL, por nove votos a favor (Grupos do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), seis votos en contra (Grupo Socialista) e unha abstención (Grupo do BNG), ACORDA QUE O EXPEDIENTE QUEDE SOBRE A MESA.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que se trata dunha sanción para a infracción do artigo 47.2.c) do prego de condicións do contrato, e pasar a euros e poñer ao día as sancións. Tamén se tipifican os apartados n), ñ) e o). Vén isto polo intento de sancionar unhas roturas na rede da auga que duraron tres días. O contrato debe ser modificado polas dúas partes. (Intervén o Sr. Secretario para dicir que de acordo co artigo 46 do prego, cabe interpretar o que se propón aínda que a empresa non o asinase).

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que é unha cousa máis deste contrato. Se a empresa asina, non sei se se podería aplicar ao expediente intentado.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que houbo interrupción do servizo, informe da Técnica e o Concello tratou de sancionar. No artigo 47 aparece como infracción pero non como sanción. Le infraccións graves do artigo. Como nunca se tramitaron, nunca se viu isto. Agora vese a omisión. Revisei o Pleno da Corporación de cando se contratou. Hai varias intervencións, isto non se detectou. Ten razón o Secretario sobre a interpretación en base ao artigo 46. Pero o 47.2.c) ten consecuencias no artigo 48: secuestro da concesión e tamén resolución do contrato. Convén interpretalo e non modificalo. Que quede sobre a mesa. Se non, votamos en contra.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que non sabe se debe quedar sobre a mesa. (O Sr. Alcalde pregunta ao respecto ao Secretario, que se remite ao que di o ROF). Aínda está o artigo en pesetas, aí vese o nivel do contrato.



Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que a Xunta de Goberno acordou tomar medidas por incumprimentos da empresa. Requiriuse sobre iso a Aqualia, para que especificase causas e medios empregados. Aqualia presentou un escrito. A Técnica de Servizos considerou razoable a explicación, pero non que se mantivese a interrupción do servizo. O Secretario entendeu que podía haber unha infracción do artigo 47.2.c) do prego de condicións, pero ao non preverse sanción para ela, o expediente decae. Dille a Dna. Maribel García que unha sanción non é aplicable con efectos retroactivos. O PP pediu que quede sobre a mesa. (O Secretario di que primeiro haberá que decidir iso).

De Dna. Pilar López Martínez, que di que haberá que mirar o artigo 48. Analizar isto cun pouco de calma. Ver se se pode interpretar para sancionar.

(Dna. Maribel García Díaz renuncia á segunda quenda).

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di ao Alcalde que ten outras infraccións para sancionar. O secuestro ou a resolución do contrato son posibles. Traia a interpretación.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias non intervéñen na segunda quenda).

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, que lle di a Dna. Julia Rodríguez que non lle veña co da resolución ou o secuestro. Tamén pode ser sospeitosa a omisión. Dicir que o Alcalde non ten vontade de sancionar a empresa e que modifica o contrato ao seu gusto e conveniencia, é unha barbaridade. E que non quero reclamar: vostede votou en contra de reclamarlle máis de tres millóns de euros á empresa.

8. MOCIÓN DE CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O PARA ACONDICIONAMENTO DA ILUMINACIÓN E LIMPEZA DO ESPAZO DA SUBIDA DENDE DAVIÑA REI AO CAMPO DA VIRXE.

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase D.Manuel Jesús López Sánchez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Un dos valores máis importantes que ten Monforte de Lemos é o seu centro histórico. Todo o conxunto patrimonial, histórico e cultural configura un esquema urbano que representa unha potencial riqueza para a cidade.

Dentro desta zona inclúense todos os accesos ao conxunto monumental de San Vicente, que son importantes enclaves verdes e deberían estar en perfectas condicións para poder sumar un novo reclamo turístico.



É necesario seguir mellorando e mantendo en óptimas condicións aqueles entornos que están en situación de abandono, coma é o caso do tramo peonil que nos ocupa, que é o que transcorre dende Daviña Rei ata o Campo da Virxe (achéganse fotografías da súa situación).

Como se pode comprobar, non hai máis que botar unha simple ollada para ver que se trata dunha fermosa senda que sobe ata ao conxunto de San Vicente, pero que o actual grao de abandono fai que precise de maneira urxente unha reforma. Resulta necesario acondicionar as luminarias do espazo (todas elas fóra de servizo e moitas inexistentes), igual que a limpeza e desbroce de todo o sendeiro.

Neste sentido e entendendo que a solicitude se axusta a dereito, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

Que o Concello acometa esta obra de acondicionamento das luminarias así como a limpeza e desbroce de toda a senda peonil.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que le a moción.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que está a favor. Que quede o que se faga en debidas condicións.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que le intervencións do Pleno do 18 de abril de 2000 sobre o contrato da auga. Anunciar que apoiamos esta iniciativa. É unha zona transitada, débese arranxar tamén a Costa da Pena.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que hai que poñer en valor a parte norte de San Vicente, pouco coñecida.

(O Sr. Alcalde dille a Dna. Julia Rodríguez que tamén faremos a Costa da Pena, non se preocupe).

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que lle di a Dna. Julia Rodríguez que non é consciente de ter ofendido. Digáseme e descúlpome, pero sen infundios. Hai tres millóns e pico que non se van reclamar, non me estraña que estea pendente o de Aqualia. Sobre a moción, este equipo de goberno actuou por primeira vez na maleza da muralla. Este ano farase mantemento, a principios de verán é a mellor época. O alumado está deteriorado, hai actos vandálicos. Votaremos a favor, co compromiso do estudo para levalo a cabo.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que o agradece e que se faga cando se poida.

(Dna. Maribel García Díaz non intervén).



De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di a D. Iban Torres que habitualmente non lle din o de correla a gorrazos. Que grazas a este Grupo non se reclama a Aqualia? Grazas a este Grupo, houbo unha Comisión de investigación e sacámolo á luz.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias non intervén).

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que o de correr a gorrazos é un reproche en sentido simbólico, unha frase feita. Se se sentiu ofendida, desculpas. Vostede ten dito frases máis severas. Grazas a vostede e ao seu Grupo, déixanse sen reclamar tres millóns e medio de euros.

9. MOCIÓNS E ASUNTOS DE URXENCIA.

Segundo o previsto no artigo 91.4 do ROF, por ser esta unha sesión ordinaria, o Pleno, por unanimidade, acorda incluír cinco mocións, das que se debaterán dúas.

A) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A ESIXENCIA DE CUMPRIMENTO DO CONTRATO DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO, Á EMPRESA AQUALIA.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Gloria Prada Rodríguez e D. Emilio José Sánchez Iglesias).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente por urxencia pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1.- É sabido que a explotación do servizo público municipal de abastecemento e saneamento do Concello de Monforte de Lemos, foi obxecto de concesión administrativa, resultando adxudicataria de ambos a empresa Seragua, -hoxe AQUALIA- con arreglo aos pregos de condicións e á oferta da empresa según acordo plenario de 30.4.2001.

2. E sabido que este grupo ten formulado infinidade de iniciativas relacionadas con que se lle esixa a esta concesionaria o cumprimento do contrato ao que ven obrigada a empresa, resultando todas infrutuosas.

Os incumprimentos son de todo tipo..., en materia de localización e eliminación de fugas, en materia de vixianza e control de verquidos, de limpeza de sumidoiros, de execución das melloras que tiña comprometidas, de reparación de avarías etc.

Pero sobre todo, o mais gravoso para todos os veciños ten sido o incumprimento das obrigas establecidas nos arts. 25 e 26, do prego de condicións, cando sinalan: **art. 25: “las obras e instalaciones que reciba**



el concesionario deben adecuarse en cada momento a las exigencias que implique la correcta prestación y gestión del servicio, corriendo a expensas del concesionario cuantos gastos se deriven de dicha adecuación”

E o art. 26.4, cando sinala:”Las obras de mantenimiento y conservación de conducciones e instalaciones, así como las de renovación y/o sustitución de conducciones e instalaciones deterioradas o averiadas serán del cuenta del concesionario”

E evidente que o longo dos anos as conduccións se foron deteriorando e averiando sin que se procedese á renovación e sustitución de conduccións, de maneira que se adecuaran en cada momento as esixencias da correcta prestación e xestión do servizo, como obrigaba o contrato.

De feito cando algunha desas renovacións se ten producido foron financiadas polo concello ou por outras administracións, ou mesmo teñen sido consideradas indebidamente como inversións da concesionaria polo anterior equipo de goberno, pretendendo o actual Alcalde soste esa consideración na proposta de acordo que trouxo a este pleno e que era claramente favorable para a empresa.

Non é a primeira vez que o Concello soporta actuacións que corresponden á concesionaria; así aconteceu coa obra do abastecemento na rua Corredoira e adxacentes; soportando así cantidades cos recursos de todos os monfortinos, que en realidade deberían ser soportados pola concesionaria, como revela o informe emitido pola intervención municipal no seu día sobre este particular. O Alcalde ten o expediente nun caixón, sen seguir adiante coa reclamación, dende fai dous anos.

3.- A empresa, non so ten incumplido o contrato no que atinxe o mantemento e renovación das conduccións, melloras etc. senón que contou antes e conta agora coa connivencia do equipo de goberno. Así, sendo claros os múltiples incumprimentos, nin o anterior equipo de goberno lle abriu expediente sancionador algún, nin lle dirixiu requerimento, ata que este grupo empezou a presentar iniciativas nese sentido, e mesmo promovimos unha comisión de investigación.

Este equipo de goberno leva tres anos ao fronte do Concello. Expedientes sancionadores: ningún. Reclamación á concesionaria: non. Pola contra, este equipo de goberno ten asumido obras e custes de actuacións que lle correspondería soportar á concesionaria, e mesmo trouxo a este pleno unha proposta de acordo que beneficiaba claramente á empresa, en perxuizo do Concello.

Pero é que este equipo de goberno, sigue na mesma dinámica de non facer nada para esixirlle a esta empresa o cumprimento do seu contrato. Y eso a pesares de que sigue na súa dinámica de incumprimentos sistemáticos.

Alguns exemplos:

-Sobre a localización e eliminación de fugas: recentemente, e como consecuencia de tres reventóns seguidos vense de anunciar como unha “concesión graciosa” que Aqualia procederá á colocación de “aparatos que permitirán detectar a tempo posibles fisuras” en resposta a petición do Alcalde que lle planteou a necesidade de que a empresa “mellore a súa resposta” fronte a este tipo de averías.

Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 28.05.2018

Páxina 20 de 36



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002B90D00A0W2S9E4T7B3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 26/06/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 26/06/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/06/2018 14:58:56

DOCUMENTO: 20180178445

Fecha: 26/06/2018

Hora: 14:58



O certo é que sobre este particular o contrato, di expresamente, entre outras cousas:

“Según las necesidades del Servicio y como mínimo dos veces por año se realizarán campañas de búsqueda de fugas, con el objeto de que cualquier fuga que se produzca pueda ser detectada y reparada de forma inmediata, ya que el ahorro de un bien escaso como es el agua, constituye un objetivo primordial en la buena gestión de un Servicio Municipal de Aguas”.

Tamén di: *“Reparación de Fugas. El resultado que proporcionarán las labores de sectorización y detección de fugas será la identificación de roturas y averías en conducciones que provoquen pérdidas de agua. Se procederá por tanto a la reparación de las mismas y a la renovación de aquellos tramos en los que no sea viable dicha reparación.*

Diagnóstico Continuo de las Redes. En base a las informaciones obtenidas como resultado de la sectorización de la red, efectuaremos periódicamente un diagnóstico continuado del estado de las mismas. Para el control exacto de los sectores, principalmente de los mas conflictivos, se dispondrá de aparatos de medida que pueden ser: Contadores o Caudalímetros fijos. Caudalímetros Portátiles: Inserción Mecánicos. Electromagnéticos. Ultrasónicos”.

A concesionaria non ten feito nin as campañas preventivas de detección de fugas a que viña obrigada nin por suposto a reparación das mesmas e a sua renovación nos tramos nos que a reparación non sexa viable, que era a fin última de tales campañas. Sobre os danos e consecuencias deste incumprimento temos falado en moitas ocasións, sin que o equipo de goberno teña escoitado nada, do que lle temos solicitado, e por suposto sin que teña feito nada ao respecto.

-Sobre a necesidade de impermeabilización do depósito do Cornao: o Sr. Alcalde orzamentouna inicialmente para despois facer unha modificación de crédito, -despois de que a sua execución no marco da construción da ETAP, fora rexeitado polo equipo de goberno anterior-. A necesidade de impermeabilización do depósito quedou á vista nos informes que recomentan ao Concello: “hay que recordar al Concello que sigue pendiente la impermeabilización del interior del depósito, que está fugando por varios puntos y que, además, está filtrando al interior a través de la solera el agua del freático cuando los vasos están vacíos”.

Dentro das obrigas de mantemento das instalacións do servizo, concretamente da rede de abastecemento, e particularmente sobre os depósitos, entre outras obrigas da concesionaria, establece o contrato:

”Evaluación del estado de impermeabilización de vaso y cubierta, existencia de fisuras o partes húmedas, con la finalidad de evitar las filtraciones. – Vaciado periódico del depósito para su limpieza, reparación y pintado. En el proceso de limpieza, se desincrustaran los sedimentos y, si fuera necesario, se realizará una desinfección final: Aislamiento y vaciado. Limpieza de sedimentos y eliminación de incrustaciones en paredes y solera. Inspección de la estructura y reparación de posibles grietas o fisuras. Impermeabilización del vaso si fuera necesario”.

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 26/06/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 26/06/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/06/2018 14:58:56

DOCUMENTO: 20180178445

Fecha: 26/06/2018

Hora: 14:58



-Sobre os verquidos: ten ido a pleno unha proposta para a súa aprobación, en relación ao convenio de financiación do plan de eliminación de verquidos, na que se recolle unha aportación do Concello de Monforte de 400.000 €. Esta actuación, de renovación da rede para evitar as filtracións polo mal estado da rede, ten o fin de evitar a imposición de sancións, por parte da CHMS. O certo é que a concesionaria tiña e ten a obriga de controlar a existencia de vertidos, como indica o propio contrato: *“La investigación de vertidos centra su objetivo en la caracterización de los vertidos en cuanto a la determinación de todos aquellos parámetros necesarios (aforo de caudales, análisis físico-químicos y biológicos). La vigilancia y control de las aguas residuales transportadas por la red de colectores se realizará a través del muestreo en puntos previamente definidos. Estos puntos se distribuyen estratégicamente, según la zona o cuenca productora de los vertidos, en base a los núcleos de población y la presencia de industrias”. Y tamen “Control. Esta función se cumplirá mediante el muestreo semanal de forma rotativa, de cada uno de los puntos señalados, u otros que por sus características singulares se determinen. Vigilancia. Se trata de un programa abierto, en el que la toma de muestras vendrá determinada por las incidencias que puedan producirse. Su desarrollo se realizará de forma acoplada al resto de programas de control de calidad, y al plan de control de vertidos”.*

Non hai constancia de que tal control semanal se producira, de feito, se teñen producido verquidos de cloro da ETAP, da EDAR do Polígono e de Piñeira, sin que exista constancia de vixiancia algunha por parte da concesionaria. Son moitos os casos de sancións por verquidos impostas pola CHMS.

-Sobre o horario de atención o público da oficina: A oficina de Aqualia permanece aberta ao público de 9 a 13 horas. O contrato indica: *“ATENCIÓN OFICINA: LUNES a VIERNES* De 09 h. a 14 h. * De 16 h. a 19 h.*

Inda que o contrato sinala o carácter orientativo do horario e que poderá ser modificado de acordo as características particulares do servizo, é evidente que non estamos ante unha modificación horaria, senón ante unha supresión, da metade da xornada. A concesionaria está ofrecendo catro horas de atención o público cando ten contratadas 8 horas, de maña e de tarde.

-Sobre o servizo de atención telefónica: A concesionaria pon a disposición dos usuarios un teléfono 902, en horario de 8 da maña a 8 da tarde de luns a vernes. O usuario que chama a este teléfono soporta o coste íntegro da chamada. Nada que ver co que establece o contrato: *“El Servicio de Recepción de Llamadas estará centralizado en las oficinas del Servicio, que será atendido por el personal de oficina en el horario siguiente: ATENCIÓN OFICINA. LUNES a VIERNES: * De 09 h. a 14 h. * De 16 h. a 19 h. El resto de tiempo, los avisos y consultas seguirán recibándose a través del mismo número, que contará con “Sistema de desviación automática de llamadas” al personal de guardia.*

*ATENCIÓN PERSONAL DE GUARDIA. LUNES A VIERNES: * De 00 h. a 09 h.* De 14 h. a 16 h.;* De 19 h. a 24 h.*

*SÁBADOS, DOMINGOS Y FESTIVOS: * Durante las 24 horas diarias.*

-Sobre a reparación de averías: Na citada oferta, se sinala *“En todo momento se procurará interferir mínimamente en la normal vida ciudadana, reparando las averías con la mayor celeridad posible y,*



asimismo, respetando siempre el descanso de los ciudadanos, con la salvedad de las situaciones que, por su gravedad, obliguen a una actuación inmediata del concesionario.

Una vez efectuado el corte de suministro a la zona afectada, se procederá a su acotamiento y señalización y se comenzarán las tareas de reparación con la mayor brevedad posible.

De feito, inda que non se especifica un tempo máximo de reparación, si se sinala, para averías de nivel 1, esto é, as de carácter leve, (pequenas fugas que non afecten a un número significativo de abonados), que si a avería se produce de día, se procederá “al corte de suministro en la zona afectada, y su reparación se incluirá en la programación diaria realizada por el encargado. Si esta avería se produjera en horario nocturno, se aplazará su reparación al día siguiente al de la fecha en que se produzca la incidencia; siempre y cuando no haya ningún abonado sin suministro”

Para o caso de que a avería inda que técnicamente leve, afecte ao normal suministro aos usuarios, pasará a considerarse de Nivel 2, (aquelas ocasionadas por fugas importantes ou roturas que afecten a un número significativo de abonados, incluíndo roturas de conduccións de pequeno e mediano diámetro, ou elementos singulares), de maneira que si a avería se produce en horario diurno e días de semana, “se comunicará la incidencia al encargado para que este a su vez, una vez examinada la avería, asigne a las brigadas que juzgue necesarias su inmediata reparación, posponiéndose las reparaciones de menor importancia en las que se encontraran trabajando. En caso de producirse la incidencia en sábado o festivo en horario diurno, el oficial de guardia, después de efectuar el corte procederá a su inmediata reparación. En caso que la avería tuviera cierta complejidad, el oficial comunicará con el encargado o mando que se encuentre en retén la necesidad de que se persone en el lugar del siniestro para la evaluación de su alcance y la organización de la reparación mediante el servicio de retén o la empresa subcontratista. Si fuese en horario nocturno el personal de guardia efectuará el corte, y posteriormente comunicará la actuación realizada para que al día siguiente el encargado organice la reparación de la avería. Si el personal de guardia no fuese capaz de realizar el corte, se comunicará al capataz que s encuentre en retén la necesidad de que se persone en el lugar del siniestro para la evaluación de su alcance y la organización de la reparación”.

Para averías de nivel 3, (averías graves ou programadas por rotura de conduccións de medio ou gran diámetro que orixinen inundacións importantes, fundimentos do pavimento, corrimiento de terras, ou que afecten a gran número de abonados), a obriga da concesionaria, é, si se produce en horario diurno, de movilizar todos los efectivos disponibles que sexan necesarios, incluídos os destinados a outros servizos distintos, e de subcontratación de maquinaria pesada, no caso de ser precisa e non estar dispoñible. Incluso cabe a subcontratación de empresas para dar apoio o servizo de reparación de averías, en caso de necesidade, nas tarefas de localización e reparación e tamén na realización de traballos de reposición de aceras e calzadas, asfaltado etc.

Pero a pesares de esta obriga de acometer a reparación de averías de forma inmediata, empregando todos los recursos disponibles ou subcontratándoos incluso, para evitar molestias aos usuarios, na medida do posible, o certo é que nos últimos tempos se teñen producido avarías na nosa cidade que teñen dado lugar a cortes de suministros, mesmo de días, afectando a toda a cidade, e outras que permanecen abertas durante semanas incluso meses, sin que se vexan operarios facendo traballos de ningún tipo



dirixidos a reparalas, coa inmediatez comprometida, como acontece na Rúa María Emilia Casas nas proximidades da rua Caneiro.

Son moitos por tanto, os exemplos donde a concesionaria Aqualia incumpre o seu contrato, mentras o Sr. Alcalde e o seu equipo de goberno, miran para outra parte. Tristemente, a única sanción que pode ter en tantos anos de incumprimentos esta concesionaria, pode vir do Instituto Galego de Consumo, por mor dunha denuncia cidadá, por ter un teléfono de pago que non está operativo as 24 horas.

-Esta é a enésima vez que se producen abusos e incumprimentos por parte da concesionaria sin que o Concello faga nada para controlala, requerila de cumprimento e determinar os efectos económicos dos mesmos.

Queda a vista que o cambio no equipo de goberno desta cidade, non ten representado cambio algún na ausencia de esixencia á concesionaria Aqualia, no que atinxe ao cumprimento das súas obrigas.

4.- Mais ben dende a inacción do anterior Alcalde pasamos a unha estratexia do Sr. Tomé de querer favorecer á concesionaria.

Primeiro traendo a pleno unha proposta de acordo que claramente favorecía á empresa, despois non abrindo expediente sancionador algún a pesares dos seus incumprimentos; logo, bloqueando calqueira reclamación das obras executadas polo Concello que lle correspondería executar á concesionaria; tamén, gardando nun caixón reclamacións como a das obras da Rúa Corredoira; e permitindo en todo este tempo que a empresa siga sin dar cumprimento ao contrato que a obriga nos seus propios termos.

De feito, propoñían un acordo prantexando que acuantía que cumpría reclamar a Aqualia, era de 1'7 M €, e agora din que son 3'5 M €.

Antes daba por boa a reclamación de 1'7 M € da concesionaria por non aplicación do IPC, e agora di que o que se lle adeuda son 477.000 €.

Por todo o anterior, o Pleno da Corporación, por dez votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO:

1.-A requerir á concesionaria do servizo de abastecemento de auga e saneamento, -AQUALIA-, para que cumpra o contrato ao que ven obrigada nos seus propios términos.

2.- A incoar os expedientes sancionadores que procedan, á vista da atitude incumplidora da concesionaria, respecto das obrigas recollidas no contrato que a vincula.

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 26/06/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 26/06/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/06/2018 14:58:56



3.- A determinar os efectos económicos de TODOLOS INCUMPRIMENTOS da concesionaria, independentemente das melloras non executadas, e a formular reclamación dos mesmos.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que volve co de correr a gorrazos, di que é unha expresión alomenos pouco afortunada. Non reclamamos tres millóns e pico de euros, porque podemos reclamar moito máis. Están os artigos 25 e 26 do contrato. Ningún expediente sancionador, ningún requirimento. Le o das fugas de reparación inmediata. O do depósito do Cornado está no contrato. Le máis cousas do que aparece na moción como controis e horarios. Faga unha reflexión sobre isto. Le os tres puntos do acordo que se propón.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que se pidan tódalas contas e se mire o contrato na súa totalidade, e non a cachos.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que o que aconteceu con isto é dunha tristeza profunda, e nesta liña, non vai ter final. Miremos o conxunto e non perdamos o tempo.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que temos que miralo tódolos grupos, sen medallas. Isto é porque o que mal empeza, mal acaba, como a árbore mal plantada. As queixas son continuas. Aínda nos come o de Aqualia o tempo do Pleno. Imos apoiar a moción.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que lle di a Dna. Julia Rodríguez que non confunda un gorrazo xocoso con cousas máis serias. Se quere reclamar todo, empezemos con tres millóns e medio. Con todo o que trae e a realidade é que non reclamou iso. Vostedes –PP- son os responsables do contrato. Fixo unha interpretación do contrato que nos deixou pasmados: lesividade, beneficio da empresa, salvar aos compañeiros. Por un lado, quere que cumpramos; por outro, que non o fagamos. O único responsable é o PP, cun xogo de trileiros: cambia o cartel e xa non son os mesmos. Aqualia é un pesadelo que trouxeron vostedes e outros o consentiron. Non imos votar a favor, non polo que se pide, senón porque é unha manipulación da realidade. Que os veciños saiban por que non queren reclamar tres millóns e medio de euros.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que estaba D.Celestino Torres cando o contrato. Vostede é un imprudente, Sr. Torres, non sabe nada do contrato, dígame que o leu. Dígame que lle parece normal modificar o prego de condicións. Vostedes veñen a favorecer impugnacións da empresa. Onde está a manipulación de quen pide os tres puntos do acordo?

(Dna. Pilar López Martínez renuncia á segunda quenda).

De Dna. Maribel García Díaz, que lle di ao Sr. Torres que remunicipalice o servizo. Requira todo o sancionable. Anímense e contarán con todo o meu apoio.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias non intervén).



De D. Iban Torres Rodríguez, que lle di a Esperta Monforte que votou en contra de reclamar tres millóns e pico de euros. Eu non sei quen estaba daquela, pero gobernaba o PP.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que votou en contra dunha irregularidade para facilitar un gol da empresa. Cando me traian o que hai que traer e non un paripé, estaremos a favor. Xa nos quixeron tomar o pelo e queren facelo de novo.

B) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA DE INSTALACIÓN DE TERRAZAS.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Pilar López Martínez e Dna. Pilar Espinosa Novelle).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente por urxencia pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1º.- O Concello de Monforte dispón dunha Ordenanza Municipal reguladora da Instalación de Terrazas, que foi publicada no BOP de 15.6.2010. Conta tamén cunha Ordenanza Municipal reguladora da Instalación de Terrazas, Toldos, Parasois, Celosías ou Biombos nas zonas de Interese Turístico, publicada no BOP de 30.12.2015.

A Ordenanza de 2010, ao entender deste grupo e á vista das queixas e peticións que nos teñen trasladado os propios hostaleiros, adolece de certos defectos que aconsellan unha revisión da mesma, para favorecer a tramitación das licencias e as posibilidades de instalación de terrazas en determinadas zonas, que actualmente non están previstas.

Entendemos que compre establecer e definir diferentes modalidades de terraza, á vista das distintas circunstancias dos locais, de maneira que poidamos diferenciar entre terrazas convencionais, terrazas convencionais ampliáveis ou terrazas con tarima. Da mesma forma compre reconsiderar as súas posibles localizacións, distancias e dimensións.

Trátase de favorecer a actividade económica dos hostaleiros, dotandoos de mecanismos que favorezcan a súa visibilidade e actividade, tamén en barrios e zonas menos céntricas, dotándos ao mesmo tempo da necesaria seguridade xurídica.

Esta revisión, debe servir tamén para definir e favorecer a circulación dos peatóns.

Tamén no que atinxe ao procedemento que han de seguir os solicitantes das licencias, entendemos que debe ser cambiado para facilitar a xestión os interesados.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 26/06/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 26/06/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/06/2018 14:58:56



Entendemos que se debe consensuar cos hostaleiros a fórmula de tramitación, a vixencia das licencias, a súa prorrogabilidade, a periodicidade da comunicación de instalación etc, na búsqueda de mecanismos que lle faciliten os hostaleiros a tramitación e lle den a necesaria seguridade xurídica.

Por todo o anterior, o Pleno da Corporación, por dez votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO:

1.-A modificar a ordenanza de terrazas, elaborando unha nova, na que previo consenso cos hostaleiros, se mellore o procedemento de solicitude e prórroga das licencias, a fin de favorecer a súa tramitación e se redefinan os tipos de terrazas, se contemplen outras posibilidades de localización, distancias e dimensións, a fin de favorecer a actividade económica da hostalería monfortina, e se definan e favorezcan os espazos para a circulación dos peatóns.

2.- A aproveitar esta revisión da ordenanza existente, para incluír nela a normativa reguladora da instalación de terrazas, toldos, parasois, celosías ou biombos nas zonas de interese turístico, que afecta aos hostaleiros do casco histórico.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que explica a moción. Hai que consensuar cos hostaleiros e demais.

De Dna. M^a José Vega Buján, representante substituta das/do non adscritas/o, que di que Monforte ten tradición de terrazas. A peonalización levou á súa proliferación, con influencia tamén noutros lugares non peonís. Tamén provoca incomodidades, con dificultades para a mobilidade e tamén para as emerxencias. Dígoo pola experiencia de 12 anos de goberno nos que se buscou a convivencia das terrazas coa comodidade cidadá. Non sempre o Concello pode facilitar que haxa terrazas, sempre houbo informes técnicos ao respecto, gardábanse franxas e non había unha concesión arbitraria. Hai críticas dos cidadáns por non esixir o Concello as condicións da concesión. Hai melloras posibles no procedemento de concesión. Non coincidimos na petición dunha nova ordenanza, porque parece que a que temos non vale. Vale, se ben é mellorable.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que este Grupo ten pedido control do espazo público. O mesmo Alcalde ten recoñecido que collen ás veces máis espazo. Mentres a ordenanza estea en vigor, hai que cumprila, ese é o punto de partida. Garantindo sempre a seguridade das persoas. Hai establecementos que ocupan toda a beirarrúa e os transeúntes teñen que ir pola calzada, non digamos os carros dos nenos ou as cadeiras.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que o futuro é unha cidade para as persoas. Debemos convivir as terrazas co uso e disfrute da rúa. A cidade muda e hai que telo en



conta. Que se revise a ordenanza e se adecúe naqueles puntos que se precise. Como di Esperta Monforte, as ordenanzas de pouco vale telas se non se cumpren. Parece que vai haber unha reubicación en certas zonas de Monforte, temos que estar concienciados para iso.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que lle di á portavoz do PP que non invente problemas onde non os hai. Este equipo de goberno afrontou problemas enquistados: a auga do barrio do Hospital, o saneamento do Porto Seco, as terrazas do Cardeal. Xa se modificou a ordenanza no anterior mandato, neste mandato reguláronse os toldos segundo o Consorcio da Ribeira Sacra. Hai que mellorar, pero non isto que se trae.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que aquí o único que se propón é unha ordenanza. Estou disposta, atendendo á non adscrita, a cambiar o de elaborar unha nova por que se mellore a actual. Temos unha ordenanza de terrazas, pero non dá respostas a novas demandas dos hostaleiros. Non veño con fantasía ou inventiva, veño para mellorar. O do Porto Seco foi a Xunta; no Hospital, mire como quedou José de Carabantes.

De Dna. M^a José Vega Buján, que di que onde se pode mellorar é na tramitación. Hai problemas a mirar co tráfico rodado, a Policía Local debe opinar, tamén a oficina de rehabilitación e a asociación de hostaleiros. Hai sitios complicados para conceder terraza. A favor da moción, pero que haxa unha reflexión.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que esta ordenanza ou unha modificada, que se cumpra.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias renuncia á segunda quenda).

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que se van abster. Dille a Dna. Julia Rodríguez que explique por que está en contra de reclamar tres millóns e medio de euros.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que expliquen os acordos que van a favor das empresas. Preguntouno a non adscrita e eu reitéroo. Hai que ter unha boa ordenanza e que se cumpra.

(O Sr. Alcalde di que son as cero horas e un minuto, de modo que as outras tres mocións incluídas por urxencia, quedan para a seguinte sesión. Artigo 87 do ROF. As mocións son as seguintes:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA SOLICITAR A INTERVENCIÓN DO CONCELLO NO ARRANXO DAS PISTAS FORETÁIS DERRAMADAS NA RETIRADA DA MADEIRA NAS PARROQUIAS DE CHAVAGA, BASCOS E SINDRÁN.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA EXPRESAR O REXEITAMENTO AO FALLO DA SENTEZA XUDICIAL AO GRUPO DE VIOLADORES “A MANADA”.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á LIMPEZA DO RÍO NA ZONA DA PINGUELA).

Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 28.05.2018

Páxina 28 de 36

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 26/06/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 26/06/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/06/2018 14:58:56

DOCUMENTO: 20180178445

Fecha: 26/06/2018

Hora: 14:58



PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

10. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (de 07.05.2018 (dúas)) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

11. DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO 1º TRIMESTRE DE 2018 E OUTRA INFORMACIÓN DE COMUNICACIÓN OBRIGATORIA AO MINHAFP.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 1º trimestre de 2018, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

12. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO DO 1º TRIMESTRE DE 2018.

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 1º trimestre de 2018, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 9,58.

13. DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE TESOURERÍA SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO E MOROSIDADE, CORRESPONDENTES AO 1º TRIMESTRE DE 2018.

A efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 1º trimestre de 2018:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.

14. ROGOS E PREGUNTAS.

1º.- ROGOS E PREGUNTAS DAS/DO CONCELEIRAS/O NON ADSCRITAS/O. Formúlaos Dna. Pilar López Martínez.

A) PREGUNTAS E ROGOS PENDENTES DO PLENO ANTERIOR.

Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 28.05.2018

Páxina 29 de 36



a) PREGUNTAS SOBRE A INSTALACIÓN DUNHA VARANDA NA RÚA ZAPARDIEL.

1. Que medidas de protección se tomaron para preservar a execución desta obra nun entorno vulnerable como é o regato Zapardiel?
2. Cal é a data concreta na que se realizou a correspondente solicitude de autorización para executar esta obra á Confederación Hidrográfica Miño-Sil?
3. Con que data se recibiu no concello o permiso da Confederación para levar a cabo esta actuación?
4. Esta actuación de instalación da varanda, está condicionada á autorización de Patrimonio?

Resposta do Sr. Alcalde:

1. Correspóndenlle á empresa contratada.
2. Tamén lle corresponde á empresa contratada e así o fíxo.
3. É cousa de empresa contratada.
4. O mesmo con Patrimonio.

b) PREGUNTAS SOBRE A APERTURA DO CENTRO DE RECEPCIÓN DE PEREGRINOS.

1. Cales son os prazos para a execución e posta en marcha do novo Centro de Recepción de Visitantes?
2. Que obxectivos ten o seu goberno en canto á promoción do “Camiño de Inverno” para este 2018?

Resposta do Sr. Alcalde:

1. No presente ano pensamos que estará operativo.
2. O obxectivo é a maior difusión posible.

c) PREGUNTA E ROGOS SOBRE AS BAIXADAS DE AUGAS PLUVIAIS NAS RÚAS NAS QUE SE RENOVARON AS BEIRRARRÚAS E/OU A RÚA.

PREGUNTA:

1. Por que razón non se conectaron, na súa totalidade, todas as baixadas de augas pluviais?

ROGO:

1. Que se conecten todas as baixadas das augas pluviais nas rúas sinaladas anteriormente, xa que o aspecto que presentan as rúas así é negativo e inacabadas, e que, no sucesivo, cando se renoven as beirrarrúas, se fagan as obras con cabeza para non ter que abrir zanxas ou levantar baldosas ao día seguinte.
2. Que na rúa da Estrela, fronte do número 58, parece que quedou escaso de asfalto, tal como se pode apreciar na fotografía que achegamos, polo que lle solicitamos que se remate en condicións.



3. Que se melloren as conexións da rúa Estrela coa rúa Historiador Germán Vázquez e a Praza do Piñeiro, xa que pode existir problemas coas rodas dos vehículos.

Resposta do Sr. Alcalde á pregunta:

Se quere revisamos as pluviais, para mirar como ten sido con esta Alcaldía. Correspóndelle aos particulares dos edificios e hainos que pactan coa empresa contratada. Eu non fago os proxectos e as obras. Cando queira, tamén vemos o doutros tempos.

B) ROGO E PREGUNTA-ROGO PRESENTADOS POR REXISTRO ELECTRÓNICO O DÍA 1 DE MAIO DE 2018.

- a) **ROGO PARA PUBLICAR NA PÁXINA WEB MUNICIPAL O CURRÍCULO ACADÉMICO E PROFESIONAL DE TODAS/-OS AS/OS CONCELLEIRAS/-OS QUE COMPOÑEMOS A CORPORACIÓN MUNICIPAL MONFORTINA.**

(Xa foi presentado na sesión anterior, na que quedou pendente)

Que o equipo de goberno publique na páxina web municipal o currículo académico e profesional, así como os ingresos percibidos polo concello de todas/os e cada un das/os concelleiras/os que compoñemos a Corporación Municipal monfortina.

Resposta do Sr. Alcalde:

A Corporación municipal non pode obrigar a iso. Para quen queira que se publique, non hai problema. Pero sen obrigar.

- b) **PREGUNTA-ROGO SOBRE OS CONTRATOS DE LIMPEZA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.**

“O pasado día 15 de decembro de 2017 realizamos unha pregunta sobre a regularización dos contratos de limpeza do Concello de Monforte de Lemos, na que mostrabamos a necesidade de regularizalos cantos antes, xa que eramos coñecedores das dificultades dunha traballadora, en concreto, a que desenvolve a súa tarefa no Edificio Multiusos, en percibir o seu salario mensual. Esta traballadora, en decembro, levaba case 6 meses sen cobrar. O Sr. Alcalde respondeu que estaban traballando no tema e que se resolvería neste ano.

A día de hoxe, esta persoa leva 8 meses sen cobrar o seu salario, o que dificilmente resulta comprensible que poida sobrevivir, polo que é de urxencia que se resolva este problema, licitando canto antes deste contrato.

Entendemos que o concello non ten ningunha relación directa con estes traballadores pero si ten responsabilidades á hora de regularizar os contratos que lle prestan servizos á entidade local.



Por outra banda, cómpre ter en conta as continuas advertencias que se fan, por parte do departamento de Intervención, mes tras mes, informando que a prestación destes servizos non están amparados polos correspondentes expedientes de contratación, nin constan contratos formalizados ao efecto, polo que se están vulnerando os principios básicos da contratación administrativa, na medida en que se trata de servizos que se veñen prestando de forma continuada e cunha duración superior á anual, superando tanto por contía como por duración os límites establecidos na Lei de Contratos do Sector Público para a contratación menor.

Por estes motivos, presentamos a seguinte pregunta e rogo:

- 1. Por que razón se demora tanto a licitación deste contrato, se no mes de decembro nos dixo que xa estaban traballando nos pregos de condicións para publicalo e así resolver, canto antes este problema?**
- 2. Rogámoslle que lle dea todo tipo de prioridade para que se licite o antes posible e así poder resolver a situación económica desta e outras traballadoras.”**

Resposta do Sr. Alcalde:

Os reparos xa teñen trienios. Contratos caducados hai moito que os hai e outros casos sen contrato. A demora vén dada pola nova lei de contratos, que entrou en vigor o 9 de marzo e obriga á reformulación dos procedementos de contratación. Parece que pronto se poderá facer e para todas as instalacións municipais.

2º.- ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.

A) ROGOS PENDENTES DO PLENO ANTERIOR.

a) ROGO SOBRE A CONTRATACION DO SERVICIO DE AMBULANCIAS DA FEIRA MEDIEVAL DE 2018.

Que en próximas contratacións se invite a tódalas empresas e/ou empresarios con actividade e/ou domicilio na nosa cidade.

b) ROGO SOBRE O ARRANXO DA CARRETERA PROVINCIAL LU-3203.

Que dende o equipo de goberno se inste á Deputación Provincial para que proceda á mellora e desanche de dita infraestrutura no tramo comprendido entre o desvío hacia Vilamarín e o enlace coa LU-P-4702.

c) ROGO SOBRE O ARRANXO DO PAVIMENTO DE ACCESO ÁS VIVENDAS DO LUGAR DE PALLEIROS NA PARROQUIA DE MARCELLE.

- 1) Que se proceda a asfaltar o acceso á vivenda mencionada anteriormente.



2) Que se actúe sobre as cunetas, para conquistar unha maior conservación e durabilidade da actuación realizada.

d) ROGO SOBRE A PARTICIPACIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS NAS RECEPCIÓNS REALIZADAS POLA CORPORACIÓN.

Que en próximos actos de recepcións oficiais se invite a tódolos grupos políticos que compoñen a corporación.

e) ROGO SOBRE AVARIÁS EN SERVICIOS BÁSICOS DA NOSA CIDADE.

Se extremen os controis nas obras da nosa cidade, sexan executadas por contratadas ou ben directamente polo concello, para evitar danos ás instalacións básicas.

Di o Sr. Alcalde:

Dos rogos tomamos nota.

B) PREGUNTA PRESENTADA POR REXISTRO ELECTRÓNICO O DÍA 23 DE MAIO DE 2018. Formúlaa Dna. Julia Rodríguez Barreira.

PREGUNTA SOBRE O ACONDICIONAMENTO DUNHA PRAIA FLUVIAL NO CONCELLO DE MONFORTE.

“De forma reiterada el Grupo Municipal Popular, viene solicitando cada año, antes del inicio de la época estival, información sobre las gestiones realizadas para la creación de una playa fluvial en el Area Recreativa de Ribasaltas, y presentando mociones para interesar que se lleve a cabo.

La realidad es que todos los intentos han resultado infructuosos, y a pesar de las reiteradas mociones y peticiones, sigue sin hacerse nada para dotar a la ciudad de una playa fluvial en el Área Recreativa de Ribasaltas.

El gobierno municipal, no solo carece de voluntad de acondicionar tal espacio recreativo, puesto que no ha apoyado las propuestas ni ha efectuado gestión alguna en ese sentido, sino que incluso se tiene completamente abandonado el mantenimiento del Area Recreativa de Ribasaltas, como vienen denunciando los vecinos y usuarios de este entorno.

Recientemente, la Xunta de Galicia, convocó las ayudas para dotar y formar socorristas en verano a aquellos Concellos que cuentan con playas marítimas o fluviales y piscinas municipales. No nos consta que el Ayuntamiento de Monforte tenga hecho solicitud alguna en ese sentido. Quiere decirse que tampoco este verano, los monfortinos podremos disfrutar de una playa fluvial que precisaría en todo caso, de socorristas y que representaría una vía de contratación para jóvenes durante la época estival.



Por lo expuesto, este grupo municipal, eleva al Sr. Alcalde la siguiente pregunta:

1.- Cuales son las razones de que a pesar del tiempo transcurrido desde que se le solicitó en julio de 2015, reiterada en julio de 2016, 2017 y ahora 2018, no haya llevado a cabo gestiones que le permitan poner en funcionamiento una zona de baño pública y gratuita?"

Resposta do Sr. Alcalde:

Isto xa está explicado. As circunstancias non variaron.

C) PREGUNTA PRESENTADA POR REXISTRO O DÍA 25 DE MAIO DE 2018. Formúlaa Dna. Julia Rodríguez Barreira.

PREGUNTA SOBRE O LUGAR ONDE TEN PENSADO INSTALAR A CANCEIRA COMARCAL.

“Nun recente Pleno da Corporación no que se debatía sobre a necesidade de instalar unha canceira municipal no Concello de Monforte, o Sr. Alcalde, fixo referencia a que xa tiña previsto o terreo no que a ía instalar.

Na prensa do día de hoxe, dase conta de que a Deputación construírá en Monforte a canceira que demandaba a Asociación Amarcán.

Polo exposto, este Grupo Municipal, eleva ao Sr. Alcalde a seguinte pregunta:

1.- Cal é o terreo no que ten previsto o Sr. Alcalde construír a canceira que ven de anunciar a Deputación provincial?

Resposta do Sr. Alcalde:

Temos traballado nisto a Deputación e o Concello. Estamos mirando o procedemento. Comunicaremos a parcela cando a súa adquisición estea formalizada, non procede prexulgallo.

3º.- ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PENDENTE DO PLENO ANTERIOR.

ROGO RELATIVO Á XESTIÓN DO DESBROCE DAS ESTRADAS E LIMPEZA DAS FONTES PÚBLICAS. Formúlao D. Emilio José Sánchez Iglesias.

Que o goberno Municipal inicie o protocolo a seguir para levar a cabo a limpeza das cunetas e das fontes, así como que este inste as institucións propietarias das distintas vías a que faga tamén o preciso en cada caso.

Resposta do Sr. Alcalde:

Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 28.05.2018

Páxina 34 de 36



Tomamos en consideración o rogo.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE. Formúlaos Dna. Maribel García Díaz.

A) ROGOS E PREGUNTAS PENDENTES DO PLENO ANTERIOR.

(Non formula o ROGO SOBRE REIVINDICACIÓNS DO PERSOAL DO HOSPITAL, porque xa pasou a data que o motivaba).

a) ROGO SOBRE A PASARELA DAS CRUCES.

- 1) Que o Concello proceda a facer o mantemento da pasarela das Cruces.
- 2) Si procede, reclame o importe a ADIF.

Resposta do Sr. Alcalde:

Vostede inverte a carga da proba. ADIF fixo a pasarela, non foi cedida, e teño que demostrar que non é do Concello. Se o Concello tivese que arranxala, faríao. Estiven cos de ADIF e asumen que é deles.

b) ROGO DE BO USO DOS FONDOS PÚBLICOS.

Sr. Alcalde e Concelleiro de Obras, vixien e controlen o bo uso do diñeiro de todos. (Con motivo de reparacións na rúa Ourense).

Resposta do Sr. Alcalde:

Non é o que vostede di. Cando a obra se faga, quedará ben.

c) PREGUNTAS SOBRE USO DO GLIFOSATO.

- 1) Que cantidade deste produto se utiliza en Monforte.
- 2) Que medios para a súa aplicación están a usar os traballadores de FCC.
- 3) Preocupouse Sr. Alcalde de investigar si pode haber outra maneira de erradicar as herbas das beirarrúas?

Resposta do Sr. Alcalde:

Practicamente non se utiliza, só no cemiterio. Segundo o contrato, o Concello anuncia os datos que dá a empresa. Hai que supoñer que a empresa usa medios legais.

B) PREGUNTAS PRESENTADAS POR REXISTRO O DÍA 24 DE MAIO DE 2018.

Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 28.05.2018

Páxina 35 de 36



a) PREGUNTA SOBRE INMOBLE DA RÚA ESTRELA, 15.

“Exposición de motivos

A situación de ruína rampante e falta de mantemento de innumerábeis edificacións da nosa cidade e a falta dunha política municipal ao respecto, leva a que con máis frecuencia os veciños mostren a súa preocupación.

O inmoble da rúa da Estrela número 15 encóntrase en estado moi deficiente de conservación , con varios elementos da súa fachada desprendidos e outros a piques de se desprender , o que supón un perigo para veciños e viandantes.

Pregunta

- Ten coñecemento o concello desta situación ?
- Teñen sido requiridos os seus propietarios para que poñan remedio a este estado de abandono ?
- Que medidas pensa tomar o concello para evitar este risco para os viandantes ?
- Cando van tomar estas medidas ?

Resposta do Sr. Alcalde:

Temos coñecemento da situación. Xa requirimos aos propietarios e fixeron o requirido. A Xunta de Goberno Local acordou que se prosiga o expediente para o conxunto do inmoble. Somos coñecedores e actuamos.

b) PREGUNTA SOBRE A FONTE DA COMPAÑÍA.

“Exposición de motivos

Unha vez máis a fonte da compañía, diante das Casitas, está afundida.

Resulta frecuente ver como autobuses, camións entran nese espazo.

Tamén é habitual que nas festas de agosto se instale alí algún posto.

O resultado de todo isto e ver a fonte derramada a maior parte do ano por non falar dos cartos que costou arranxala.

Preguntas

- Porqué non se utiliza o pivote ou similar para que protexa a fonte?
- Vai a seguir permitindo nas vindeiras festas de agosto o uso deste espazo para os postos?”

Resposta do Sr. Alcalde:

O pivote si se utiliza. Non foi un autobús, foi un camiión, estáselle reclamando a reixa esnacada. Nas festas, os postos estarán de forma adecuada ao que hai agora.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as cero horas e trinta minutos do seguinte día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.

O Alcalde, (ACTA APROBADA NA SESIÓN PLENARIA DO 25/06/2018)

Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 28.05.2018

Páxina 36 de 36

